

## O lince galego

No momento do cambio a este terceiro milenio diversos estudos sinalaron que, das case 6500 linguas faladas no mundo, máis do 90% desaparecerían no curso da presente xeración.

De feito, un artigo publicado na prestixiosa revista británica Nature concluíu que, aplicando os criterios adoptados internacionalmente para a clasificación do risco de extinción de especies, a diversidade das linguas do mundo está máis ameazada que a súa diversidade animal.

Alguén pode pensar que iso é esaxerado, que unha lingua non pode desaparecer tan rápido como o lince ibérico, pero é así: en zonas de América, África e Asia hai avós que non son capaces de comunicarse cos seus netos porque falan idiomas diferentes, e cando digo “idiomas diferentes” non é en sentido metafórico. E ollo, que unha vez que se extingue unha especie animal ou unha lingua, o proceso é irreversible.

É o galego un lince en tal estado?

Non che sei. Pódense facer moitas análises, pero hai unha moi barata e asequible para ti: non tes máis que poñer a orella ao que falan os rapaces na rúa, e comparalo co que falaban os rapaces desa mesma rúa hai 20 ou 30 anos. Se tes menos de 20 anos podes preguntarlles aos teus pais ou avós, e que eles che digan.

Tendo en conta que os rapaces de hoxe son os que definirán a lingua que se fale no mañá, decide ti mesmo a resposta á pregunta.

**Jorge Mira Pérez**

Área de Electromagnetismo – Departamento de Física Aplicada  
Universidade de Santiago de Compostela

DO GALEGO